



### UNIDADE 03: O DESENVOLVEMENTO DAS CIDADES NA IDADE MEDIA

REPETIDOR 2º ESO: \_\_\_\_\_

1.- Atopa a palabra (nº de letras da palabra).

1. Os mercaderes reuníanse periodicamente en... \_\_\_\_\_ (6)
2. Barrios onde vivían os xudeos... \_\_\_\_\_ (8)
3. Rotación de cultivos que se impuxo en Europa a partir do século XII... \_\_\_\_\_ (7)
4. Os habitantes das cidades chamábanse... \_\_\_\_\_ (9)
5. Usábanse para evitar roubos ao non ter que viaxar con diñeiro en metálico... \_\_\_\_\_ (14)
6. Século no que Europa coñeceu unha gran prosperidade económica... \_\_\_\_\_ (4)
7. A partir do século XII todos os artesáns dun mesmo oficio asociáronse en... \_\_\_\_\_ (7)
8. Era o dono do obradoiro, das ferramentas e das materias primas... \_\_\_\_\_ (6)
9. Talleres onde traballaban os artesáns medievais... \_\_\_\_\_ (10)
10. Os oficiais podían converterse en mestres e para iso tiñan que realizar unha... \_\_\_\_\_ (10)
11. Era o traballador experto do obradoiro, que recibía un salario polo seu labor... \_\_\_\_\_ (7)
12. Peste que acabou coa cuarta parte da poboación de Europa... \_\_\_\_\_ (5)

2.- Elixo a resposta ou respostas correctas. Rodea a letra ou letras correspondentes

1.- Por que aumentou a produción agrícola?

- a) Novos cultivos como o millo e a pataca
- b) O aumento da superficie cultivada
- c) A introdución de abonos fertilizantes
- d) A introdución de novas técnicas

2.- Cales eran as principais rutas marítimas?

- a) A ruta do Atlántico e América
- b) A ruta do Mediterráneo
- c) A ruta do Atlántico e do Báltico
- d) A ruta do Índico con Asia

3.- Que favoreceu o crecemento das cidades?

- a) Mellora das vías terrestres
- b) Mercaderes instaláronse nas cidades
- c) Escapar da servidumbre do señor
- d) Necesitábanse menos campesiños

4.- Que funcións tiñan os gremios?

- a) Ocupábanse da asistencia aos membros
- b) Pagaban as pensións dos artesáns
- c) Eran os donos dos obradoiros
- d) Controlaban a produción

5.- Que categorías había nun mesmo oficio?

- a) Mestre
- b) Empresario
- c) Oficial
- d) Aprendiz

6.- Como fortaleceron os reis o seu poder?

- a) Crearon exércitos propios
- b) A monarquía deixou de ser hereditaria
- c) Crecemento das cidades
- d) O desenvolvemento das universidades

7.- Diferencia dos parlamentos cos actuais?

- a) Non estaban todos representados
- b) A maioría eran mulleres
- c) Só se reunían no mes de agosto
- d) Reuníanse cando o rei o quería

8.- Orixe da maioría das guerras medievais?

- a) O impago do salario aos soldados
- b) A defensa da democracia
- c) As disputas sucesorias
- d) Impoñer fronteiras claras

9.- Principais causas da crise do século XIV?

- a) A fame
- b) A emigración
- c) As guerras
- d) A epidemia

10.- Que novas técnicas agrícolas houbo?

- a) Fertilizantes químicos
- b) Un novo arado
- c) Estendeuse o regadío
- d) Introducíronse novos cultivos